


..... Lección 5 .....

# Con pan e viño, ándase camiño

# A vila, a cidade



- |             |                    |                       |                          |
|-------------|--------------------|-----------------------|--------------------------|
| 1 Rúa       | 9 Calella          | 17 Auditorio          | 25 Chacinaría            |
| 2 Avenida   | 10 Autoestrada     | 18 Centro Cultural    | 26 Froitaría             |
| 3 Praza     | 11 Ponte           | 19 Biblioteca pública | 27 Tenda                 |
| 4 Parque    | 12 Rotonda         | 20 Estadio de fútbol  | 28 Taller de reparacións |
| 5 Carreiro  | 13 Instituto       | 21 Centro de saúde    | 29 Xoaría                |
| 6 Atallo    | 14 Colexio         | 22 Hospital           | 30 Ferraxaría            |
| 7 Estrada   | 15 Escola infantil | 23 Concello           | 31 Estación de trens     |
| 8 Beirarrúa | 16 Museo           | 24 Libraría           | 32 Estación de autobuses |

**Como facer preguntas para ir a enderezos**

**Como preguntar onde quero ir:**

- Onde queda a catedral?
- Como podo chegar á praza do Obradoiro?
- Cara a onde está a Facultade de Historia?
- Sabes onde hai unha panadaría preto?

**Como expresar localización:**

- Tiras todo recto.
- Colles á dereita.
- Xiras á esquerda.
- Segues ata o inal.
- Está a cen metros.
- Está moi/ bastante/ un pouco cerca/lonxe.

**O demostrativo**

	Singular		Plural	
	Masculino	Feminino	Masculino	Feminino
Proximidade	este	esta	estes	estas
Distancia media	ese	esa	eses	esas
Lonxanía	aquel	aquela	aqueles	aquelas

Os demostrativos contraen coas preposicións *de* e *en* do seguinte xeito:

	este	esta	estes	estas
<b>de</b>	deste	desta	destes	destas
<b>en</b>	neste	nesta	nestes	nestas

	ese	esa	eses	esas
<b>de</b>	dese	desa	deses	desas
<b>en</b>	nese	nesa	neses	nesas

	aquel	aquela	aqueles	aquelas
<b>de</b>	daquel	daquela	daqueles	daquelas
<b>en</b>	naquel	daquela	daqueles	daquelas

	isto	iso	aquilo
<b>de</b>	disto	diso	daquilo
<b>en</b>	nisto	niso	naquilo



## Verbos que expresan localización

### Estar

Para localizar algo no espazo, usamos o verbo estar:

- O Concello está bastante lonxe do centro.

Tamén podemos expresar o verbo estar para expresar o lugar onde nos atopamos, na actualidade ou tamén no pasado:

- Estou ao lado da catedral.
- Estivemos pola zona nova.

Presente	Copretérito	Pretérito
Estou	Estaba	Estiven
Estás	Estabas	Estiveches
Está	Estaba	Estivo
Estamos	Estabamos	Estivemos
Estades	Estabades	Estivestes
Están	Estaban	Estiveron

### Haber

Se dicimos que ese lugar existe, usamos hai. Esta forma só existe con este uso na terceira persoa do singular, aínda que se emprega para falar de cousas ou persoas tanto no singular como no plural. Tamén se emprega nos demais tempos verbais:

- Preto da miña casa hai un parque enorme.
- Onda da Praza Maior houbo durante moito tempo un centro de saúde.
- Antes había un cine nos baixos dese edificio.

Presente	Copretérito	Pretérito
Hei	Había	Houben
Has	Habías	Houbeches
Ha/Hai	Había	Houbo
Habemos	Habíamos	Houbemos
Habedes	Habiades	Houbestes
Han	Habían	Houberon



## Ligazóns de interese

- >> A Coruña
- >> Ferrol
- >> Lugo
- >> Pontevedra
- >> Vigo
- >> Ourense



Notas da sesión

A large, empty rectangular box intended for taking notes during the session.